

ADENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES E EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DA UNIVESIDADE DA CORUÑA

Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

REUNIDOS

Por unha parte, D. Antonio Casas Calviño, xerente da **Axencia de Turismo de Galicia**, e por suplencia do director, en virtude do artigo 19.6 dos estatutos da Axencia Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro) e de acordo coas facultades que lle confire á dirección da Axencia o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 108/2022, do 16 de xuño, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 117, do 20 de xuño), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, en relación co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos.

Pola outra, D. Ricardo José Cao Abad, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, co NIF Q6550005J, que actúa en nome e representación desta institución en virtude da súa condición de reitor no uso das atribucións que lle confire o artigo 36.1.f) dos Estatutos desta universidade, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia e modificados polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro, que lle outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da UDC.

Interven en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas.

EXPOÑEN



Primeiro.- Que o 26 de novembro de 2020 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto é establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado nas instalacións da Axencia Turismo de Galicia e nas oficinas de turismo dependentes dela así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas serán curriculares ou extra curriculares.

O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

Segundo.- Que o Real Decreto-lei 2/2023, de 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sostenibilidade do sistema público de pensións. No seu artigo único Modificación do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, de 30 de outubro, no punto trinta e catro engade unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda, que no seu punto 4 establece:

“O cumprimento das obrigas á Seguridade Social axustarase ás seguintes regras:

a) No caso das prácticas formativas remuneradas, o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá a estes efectos a condición de empresario. No suposto de que o programa esta cofinanciado por dous ou máis entidades ou organismos, terá a condición de empresario aquel ao que corresponda facer efectiva a respectiva contraprestación económica.

As altas e as baixas na Seguridade Social practicaranse de acordo coa normativa xeral de aplicación.

b) No caso das prácticas formativas non remuneradas, o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aqueles, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización se dispoña que tales obrigas corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa. Quen asuma a condición de empresario deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que facilite o centro onde se realice a práctica formativa”.



Terceiro.- Consonte a Resolución reitoral do 30 de xaneiro de 2024 pola que se modifica a anterior do 16 de outubro de 2023, sobre a cotización á Seguridade Social do alumnado que realice prácticas curriculares non remuneradas, «A Universidade da Coruña asumirá desde o 1 de xaneiro de 2024 a cotización e a tramitación da alta na Seguridade Social dos e das estudantes en prácticas externas curriculares non remuneradas, salvo o acordo expreso das partes en contrario, en tanto se manteña en vigor a disposición adicional 52ª do Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo».

Como consecuencia do anterior, ambas partes

ACORDAN

Subscribir a presente Adenda ao Convenio de colaboración educativa entre a Axencia Turismo de Galicia e a Universidade da Coruña para a realización de prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares do alumnado da Universidade da Coruña, suscrito con data 26 de novembro de 2020, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Asumir pola Universidade da Coruña o custo e alta na seguridade social dos estudantes en prácticas curriculares non remuneradas, en tanto se manteña en vigor a Disposición Adicional 52 do Real Decreto Lei 2/2023, de 16 de marzo.

Segunda. Manter no demais os termos do Convenio asinado.

Terceira. Publicidade e rexistro da addenda. Consentimento para a publicidade de datos persoais

O réxime de publicidade da addenda será o establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios. A sinatura da addenda leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Asemade procederase a inscrición da addenda no Rexistro de Convenios, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



Coa sinatura da presente addenda as partes asinantes prestan o seu consentimento para incluír e facer públicos a través do Portal de Transparencia e Goberno Aberto e do rexistro regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos de carácter persoal e mailo resto das especificacións contidas nesta.

Cuarta. Condicións

Esta addenda rexerese polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

Lida polas partes, por si mesmas, e como proba de conformidade co expresado nesta addenda, asínana na data da súa sinatura dixital.

Pola Axencia Turismo de Galicia

Pola UDC

O xerente

O reitor

D. Antonio Casas Calviño

D. Ricardo José Cao Abad

